

## **AXUDAS PARA A PREVENCIÓN DE DANOS CAUSADOS POLO XABARIL, LOBO E OSO.**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

#### **Persoas beneficiarias**

##### **Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo e oso:**

As persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza Celta, equino e apícola que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) de Galicia.

##### **Liña para prevención de danos ocasionados polo xabaril.**

-As persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade agraria e que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), creado mediante o Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, e modificado pola disposición derradeira terceira do Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa de produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

-As explotacións agrarias destinadas ao autoconsumo.

#### **Obxecto**

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras afectadas polos ataques de especies de fauna silvestre (lobo, oso e xabaril), coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentivará a adquisición de elementos preventivos dos danos que poidan ocasionar estas especies, e convocálas para o ano 2022 (código de procedemento MT809D).

#### **Prazo**

21 FEBREIRO 2022.

ORDE do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MT809D).

DOG 20 DE XANEIRO 2022 .

<https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220120/AnuncioG0532-271221-0001.es.pdf>.